

PROGRAMACIÓN DE AULA 5 ANOS C ESFARRAPADA

A miña programación vai dirixida a un grupo de 16 alumnos/as de 6º de Educación Infantil, 8 nenas e 8 nenos.

Para a elaboración desta programación partín do recollido no Decreto 330/2009 do 4 de xuño, aínda que non debo esquecer que esta programación é un documento aberto, flexible e sempre suxeito a posibles propostas de mellora tanto nos escenarios presencial, semipresencial e a distancia que poidan suceder.

En canto ás aprendizaxes adquiridas e non adquiridas no curso anterior, levarase a cabo unha avaliación inicial co obxectivo de coñecer as necesidades do alumnado e observar en qué momento evolutivo se atopan.

En relación aos obxectivos, son algúns dos que pretendo que se alcancen polos meus alumnos/as logo da intervención educativa no curso 2021-2022.

Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal:

- Integrarse cos compañeiros/as e adultos, amosando actitudes de colaboración e respecto.
- Coñecer progresivamente o seu corpo, os dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Potenciar hábitos que lle proporcionen autonomía persoal nas actividades habituais.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados co benestar e a seguridade persoal, hixiene e fortalecemento da saúde.

Coñecemento do contorno:

- Iniciarse nas habilidades matemáticas.
- Explorar e manipular os elementos máis próximos do seu contorno.
- Observar e recoñecer os cambios físicos que se producen no seu contorno.
- Descubrir as singularidades das estacións e os cambios nanatureza que con elas se producen.

Linguaxes: comunicación e representación:

- Empregar diferentes linguaxes como instrumento de comunicación, expresión e representación.
- Amosar interese polos textos de literatura infantil
- Usar e valorar a linguaxe oral para transmitir vivencias persoais.
- Amosar interese polas actividades nas que se empregan as TICs.

En canto aos contidos, estarán organizados cun enfoque globalizado, presentando os coñecementos relativos ás distintas realidades, de maneira dinámica e intencionada e tendo en conta os diferentes contextos de ensinanza que nos poidamos atopar.

Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal:

- Coñecemento dos compañeiros/as e adultos, potenciando actitudes de respecto.
- Recoñecemento das partes do seu corpo, dos demais e concienciación das súas posibilidades.
- Potenciación da autonomía persoal nas actividades cotiás.
- Hábitos e rutinas relacionadas coa alimentación, hixiene e descanso.

Coñecemento do contorno:

- Emprego das habilidades matemáticas no día a día.
- Coñecemento, por medio da manipulación, das características dos elementos mais significativos.
- Cambios físicos: climatoloxía, estacións....
- Recoñecemento das manifestacións culturais da contorna próxima.

Linguaxes: comunicación e representación:

- Utilización das diferentes linguaxes: corporal, oral, artística...
- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral.
- Iniciación no uso das novas tecnoloxías.

En relación á metodoloxía, organizarei a miña práctica docente ofrecendo unidades de programación en relación a talleres, proxectos de traballo e pequenas investigacións, que sexan potencialmente significativas, que provoquen o seu interese e integren de maneira natural contidos de tódalas áreas de coñecemento.

Garantirei que sexa unha **aprendizaxe significativa**, establecendo relacións entre o que xa se coñece e o que imos aprender.

O xogo será o instrumento de primeira orden a intervención educativa, polo seu carácter universal e innato, motivador, integrador, creativo e pracenteiro en sí mesmo e a través da actividade lúdica os nenos e nenas comprenderán e interpretarán gradualmente o mundo que lles rodea.

Na planificación das actividades, a observación e a experimentación, serán principios básicos; os nenos e as nenas aprenderán facendo, nun proceso que require manipulación, reflexión e esforzo mental. Todas as actividades propostas son presentadas cunha motivación previa que fai que o alumnado se asombre e emocione ante elas, deste xeito as aprendizaxes son o máis significativas posibles.

En relación aos agrupamentos, este curso debido á situación xerada polo COVID será a través de grupos colaborativos de 4 nenos cada grupo. Asemade, haberá dinámicas que requirirán da presenza do gran grupo atendendo ao principio de socialización descrito no Decreto 330/2009 de Educación Infantil.

O traballo en grupos pequenos, gran grupo e a interacción entre iguais son imprescindibles para o desenvolvemento, tanto intelectual, como social dos alumnado nestas idades.

Para conseguir os obxectivos propostos, será preciso estruturar os materiais, posto que serán os medios que condicionen a actividade infantil e a construción das aprendizaxes.

Os materiais seleccionados pretenden favorecer os aspectos afectivo-sociais, despertando a súa curiosidade e desexo de manipulación e exploración. Están ben organizados e ao seu alcance, o que facilitará a súa autonomía. Todo o material

empregado é didáctico, manipulativo e moi motivador para xerar todo tipo de aprendizaxes no alumnado.

Ademais de material didáctico convencional empregarei materiais da natureza, material de refugallo, telas, cartóns, e en xeral obxectos da vida doméstica...

En relación a organización dos espazos e do tempo, teñen unha importancia fundamental para poder acadar as miñas intencións educativas. Están planificados de xeito que o uso permita **atender satisfactoriamente ás necesidades de liberdade de movemento na aula, de afecto e relación social, de xogo, exploración, comunicación e descanso do alumnado**. Farei fincapé no xogo de ambientes educativos atendendo en todo momento ás necesidades e características do meu alumnado.

A miña aula está distribuída en diferentes zonas, unha de traballo de mesa en equipos colaborativos, unha zona de diálogo, de posta en común e asemblea e zonas de xogo, investigación e descubrimento.

Así mesmo, a aula será un espazo para a convivencia, polo que o establecemento de límites e normas será importante, procurarei que as normas sexan claras, flexibles, elaboradas pouco a pouco entre todos e sempre nun ambiente de confianza, afecto e levando a cabo reforzo positivo.

Ademáis, traballaremos a cotío a igualdade así como as emocións entre os nenos e nenas como un dos pilares fundamentais do seu desenvolvemento.

O tempo será considerado un factor relevante no proceso de construción persoal, por iso, intentare irespetar os seus ritmos e necesidades. A súa vez, será flexible, combinando tempos de actividade con tempos de descanso, tempo para actividades de carácter libre e actividades dirixidas polo profesorado. Por iso, establezo rutinas e momentos significativos, o que lle permite aos nenos e nenas adquirir autonomía e seguridade no día a día da aula.

A avaliación constitúe un elemento clave dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, será global, continua e formativa. Levareina a cabo dende unha dobre

perspectiva: avaliando os procesos de aprendizaxe por parte das/dos alumnas/os e avaliando a miña propia práctica docente.

A avaliación realizareina en tres momentos principais: inicial, continua e final.

O procedemento fundamental será a observación directa e sistemática e utilizarei instrumentos como diarios de clase, a análise das producións do alumnado, rexistros de observación e os informes oficiais.

Entre os criterios de avaliación, destaco os seguintes:

- A moza interese por relacionarse cos demais.
- Coñece as partes principais que forman o corpo.
- Valora, respecta e acepta as diferenzas.
- É quen de expresar os seus propios sentimentos e respectar os dos demais.
- Mellora nos hábitos de autonomía persoal.
- Adquire hábitos relacionados coa hixiene, alimentación, descanso e o coidado da saúde.
- Emprega as habilidades matemáticas nas situacións cotiás.
- Interese por descubrir os elementos máis próximos do seu contorno.
- Descubre as singularidades das estacións e os cambios na natureza que con elas se producen.
- A moza interese polos textos de literatura infantil
- Progresa no coñecemento e recoñecemento das súas emocións.
- Emprega a linguaxe oral para relacionarse cos demais.
- Inicia o uso das TIC's.

A relación e colaboración coas familias será un aspecto fundamental, é imprescindible seguir as mesmas pautas de actuación na escola e no fogar para evitar situacións contraditorias, polo que existirá unha comunicación continua, axuda e colaboración familia-escola. Debido á situación xerada polo COVID, a participación nas aulas das familias non será posible pero intentarei involucralas o máximo posible na vida escolar dos seus fillos e fillas.

A comunicación coas familias dependendo dos diferentes escenarios que se poidan presentar, levarase a cabo a través de diversas canles: correo electrónico, Abalarmóbil...

Xa por último, en canto á atención á diversidade, non só a vou a centrar nos nenos e nenas que presenten dificultades, senón que vou dar resposta á complexidade de intereses, necesidades e distintos problemas, que poden xurdirna aula tendo en conta principio metodolóxico de individualización, adaptándome as necesidades de cada un dos alumnos/as, tendo en conta a súa situación e a etapa evolutiva na que se atopa cada un deles.

En canto ao alumnado que acude á alternativa á relixión, as actividades terán como eixo fundamental o traballo valores: a cooperación, autoestima, emocións... a través de contos relacionados con estas temáticas, visionado de curtametraxes, producións plásticas...

No referido á atención educativa do alumnado da aula de 5 anos C, nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensinoprensencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.”